

BASES REGULADORAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA CRIANZAS. **Tempada 24/25**

Artigo 1. Obxecto de aplicación.

Convocatoria pública pola que se ofertan prazas para as actividades deportivas das Escolas Deportivas Municipais (EEDD) para crianzas para a tempada 2024/2025.

As publicacións relativas a esta convocatoria faranse públicas na páxina web municipal. Poderase obter máis información no teléfono de información 982124002.

Artigo 2. Persoas destinatarias.

Solicitaranse as actividades en función da idade da persoa que desexa participar. Para estes efectos, considerarase a idade referida en cada actividade na data do 31 de decembro do 2024.

Artigo 3. Calendario.

As actividades deportivas darán comezo o 30 de setembro do 2024 e rematarán o 30 de maio do 2025, agás actividades temporais como Skate e Surf que por cuestións técnicas da propia práctica rematarán antes de dita data ou a 30 de xuño do 2025.

Ao longo do mes de setembro, antes do inicio das actividades, fixaranse xornadas de portas abertas para toda a crianza que queira asistir e probar a modalidade deportiva, así como para todas as familias que desexen ver o funcionamento das actividades e ou consultar aspectos relacionados co mesmo.

Non se impartirán actividades cando os días de actividade das escolas deportivas coincida en días non laborais por mor das festividadeas declaradas a nivel nacional, autonómica ou local, non sendo recuperables noutros días. Nin tampouco en períodos de vacacións escolares: Nadal (dende o 23 de decembro ata o 7 de xaneiro, ambos inclusive), Entroido (os días 03,04 e 05 de marzo) e Semana Santa (dende o 14 de abril ata o día 21 de abril, ambos inclusive).

Artigo 4. Actividades deportivas ofertadas.

Nesta tempada ofértanse as actividades de **Skate, Karate, Surf, Atletismo, Fútbol Sala, Patinaxe e Natación**. Na seguinte táboa recolle para cada actividade as idades ás que se oferta, o número mínimo e máximo de prazas e as datas de inicio e remate da oferta.

Actividades	Idades	Prazas esixibles	Prazas máx.	Data de inicio	Data final
Atletismo	6 a 12	5	Sen límite	30 set	26 maio
Patinaxe	4 a 15	5	Sen límite	01 out.	27 maio
Fútbol Sala	4 a 9	5	Sen límite	01 out.	29 maio
Karate	6 a 15	8	Sen límite	02 out.	30 maio
Natación	4 a 15	8	30	04 out.	30 maio
Skate	7 a 12	8	12	03 out.	26 marzo
Surf	8 a 16	7	15	02 abril	26 xuño

Para que unha actividade se imparta deberá cubrir por mes o número de prazas esixibles, de non cumprir o requisito poderíase suspender a actividade; e non excederá as prazas máximas permitidas.

Este será o horario e as instalacións asignadas a cada actividade:

Actividades	Horario	Instalación
Atletismo	Luns 17:00 a 18:00	Campo de Fútbol Cascabeiro Pavillón Polideportivo San Cosme
Patinaxe	Martes 16:00 a 17:00 (Nivel II) – 17:00 a 18:00 (Nivel I)	Pavillón CEIP San Miguel
Fútbol Sala	Martes e Xoves 17:30 a 18:30	Pavillón Polideportivo San Cosme
Karate	Mércores 16:00 a 17:30	Pavillón CEIP San Miguel
Skate	Xoves 16:00 a 17:15	Pavillón CEIP San Miguel
Surf	Mércores e/ou Xoves 17:00 a 18:30	Praia de Coto
Natación	Venres de 17:00 a 17:45	Piscina de Ribadeo

- (1) **Atletismo** ofértanse de maneira opcional un adestramento os martes no Campo de Fútbol de Lourenzá e o mércores outro adestramento en pista.
- (2) **Patinaxe**
- Nivel I: nados entre o 2020 e o 2017.
 - Nivel II: nados entre o 2016 e o 2009.
- (*) En función da valoración de nivel que fará a persoa monitora poderase propor un cambio de nivel.
Material requirido: patíns de eixo (non en líña). Recoméndanse proteccións.
- (3) **Natación**
Curso iniciación: 10 prazas para crianzas que precisan material de flotación para desprazarse na auga.
Curso perfeccionamento: 20 prazas para crianzas que nadan 25 m. sen material de flotación.
- (4) **Karate**: requírese pantalón largo, roupa cómoda e toalla.
- (5) **Skate**: "Iniciación básica en Skateboarding" que inclúe os Skate, Surfskates, Longskates e proteccións individuais. Contido do curso: exercicios propios da práctica como os slalom, xiros básicos, transicións, curvas...; e montaxe, reparación e mantemento dos elementos do Skateboarding. Skate trátase dunha práctica deportiva que ofrece unha transferencia de aprendizaxe positiva á práctica do surf polo que a súa oferta precede no tempo ao inicio das clases de Surf.
- (6) **Surf**: requírese bañador e toalla.

Artigo 6. Inscripcións.

O prazo de inscrición estará aberto dende a publicación destas bases **ata o 24 de setembro do 2024**. Despois desta data quedará aberto o prazo de inscrición por rigorosa orde de rexistro de entrada, e sempre que queden prazas dispoñibles nas actividades de preferencia.

Cando o número de inscricións sexa superior ao número de prazas ofertadas nunha actividade aplicarase o seguinte baremo para a adxudicación das prazas: empadroadas/os (3 puntos) e matriculadas/os nun dos C.E.I.P. de Barreiros (2 puntos). No caso de empate, valorarase a primeira orde de entrada en rexistro dende a apertura do prazo de inscricións. De ser o caso, antes do comezo da actividade farase público a listaxe de adxudicación de prazas. Ás persoas que non se lles adxudicou praza pasaran a unha lista de agarda acorde á orde establecida despois do baremo e procederase á devolución das taxas correspondentes.

Se non se cumpre co mínimo de prazas esixidas, a actividade non será ofertada e, polo tanto, procederase á devolución das taxas correspondentes.

Para inscribirse deberase achegar por rexistro de entrada o formulario de inscrición debidamente cuberto e asinado e o xustificante de pago de matrícula e primeira mensualidade de inscrición correspondente, De ser o caso de tramitalo a través da sede electrónica municipal deberase cubrir a instancia xeral e achegar o formulario e o xustificante de pago para que teña validez.

Artigo 7. Pago da taxa correspondente.

Toda a crianza que desexe inscribirse nas EEDD 24-25 terá que facer un pago único de matrícula no momento de efectuarse a primeira inscrición na tempada. A matrícula incluírá a camiseta oficial das EEDD, unha mochila para adestramentos e estará tamén incluída a excursión de fin de tempada para a persoa inscrita.

As contías das taxas son as seguintes:

Taxa	Tarifa
MATRÍCULA	15 €
Atletismo	12 €/mes
Patinaxe, Fútbol Sala, Karate e Natación	15 €/mes cada actividade
Skate	20 €/ mes
Surf 1 día	30€/ mes
Surf 2 días	45€/mes

Aplicarase un desconto do 20% nas cuotas mensuais por cada irmá/irmán inscrita/o nas EEDD nesta tempada 24-25.

O primeiro pago da mensualidade realizarase mediante transferencia bancaria no número de conta municipal ES 2080 0142 9031 1000 0019 de ABANCA especificando no concepto o nome e apelidos da persoa inscrita e o nome da/as actividades inscritas. A cantidade que se debe ingresar en concepto de matrícula aplicarase ao importe definitivo da ou das taxas das primeiras inscricións correspondentes.

Os pagos das mensualidades seguinte ao primeiro serán domiciliados na conta bancaria que se indiquen no formulario de inscrición, e cargaranse por anticipado na primeira semana do mes natural. O impago de dúas mensualidades

consecutivas suporá a baixa automática na actividade correspondente.

Artigo 8. Formalización de baixas.

No caso de querer cursar baixa nunha actividades, deberase solicitar expresamente, por rexistro de entrada, nas oficinas correspondentes ou a través da sede electrónica municipal. A baixa terá efectos no mes natural seguinte á comunicación presentada, isto suporá a suspensión dos cargos bancarios correspondentes a partir do mes natural seguinte á data de comunicación.

Artigo 9. Préstamo da equipación.

A equipación deportiva das EEDD (chándal completo, roupa de competición e mochila grande) será prestada a cada usuario/a ao comezo das actividades e será devolta ao finalizar a tempada, debendo as familias comprometerse co coidado dela durante a duración do préstamo.

Artigo 10. Coordinación.

A organización e coordinación da EEDD é exclusiva do Concello polo que calquera comunicación ou consulta ao respecto atenderase nas súas oficinas ou no número de deportes **680 913 904**, de luns a venres en horario de atención ao público.

A través deste número de deportes trasladarase ás familias das persoas inscritas avisos das/dos adestradores, do propio funcionamento das actividades ou das EEDD. Estas mensaxe enviaranse a través das listas de difusión de Whatsapp para preservar a protección de datos pero é preciso para recibilas ter gardado previamente na axenda de contactos o número de deportes, se non ser o caso a mensaxe non chega ao destino. Enviaranse as mensaxes ao número de contacto da/o representante que figure na folla de inscrición. Aquelas familias que desexen incluír outro deberán comunicalo por escrito.